



Jorge Hernández

Responsable do sector vacún de leite de COAG Castela e León

► DEIXAR PASAR ESTE PROXECTO SEN COMBATELO SERÍA DARLLE A NOSA CONFORMIDADE A UN CAMBIO DE MODELO PRODUTIVO NO QUE AS EXPLOTACIÓNS FAMILIARES DE PEQUENA E MEDIANA DIMENSIÓN NON CABEN

Noviercas, a bomba que arrasará todos os campos

Antes de nada, quero aclarar que son titular dunha explotación familiar e defendo este modelo de explotacións que crecen buscando a viabilidade ou a unión de varias granxas. Pode suceder que o bo facer e o número de socios que integran unha granxa por formar parte dela varios familiares, ou porque uniron os seus recursos varias explotacións, levase a que, o que puido comezar como unha pequena explotación familiar, se convertese, hoxe nunha gandería de dimensión considerable. Non é a iso ao que vou dedicar este artigo, senón a un concepto moito máis perigoso para o noso sistema produtivo: as macrogranxas, en concreto ao proxecto Noviercas.

E é que por primeira vez en Castela e León somos pioneiros en algo, aínda que non en algo positivo. Somos a punta de lanza do despropósito e de que a nosa Administración faga oídos xordos ante os perigos que entraña a posta en marcha da macrogranxa de Noviercas. Se esta explotación iniciase a súa actividade coas 23.520 vacas que anunciou no seu día, produciría 200.000.000 de litros de leite ao ano, cantidade que botaría do mercado a 432 explotacións da súa contorna (un terzo das explotacións de Castela e León) e destruíría 726 postos de traballo directos no medio rural.

Cando Europa nos presenta unha PAC cada vez máis verde, con máis condicionamentos ambientais e máis respectuosa co medio ambiente, nós respondemos con proxectos faraó-

nicos que non fan outra cousa que poñer ao bordo do abismo a explotacións de Castela e León e da cornixa cantábrica. Resulta curioso ver como se tratan de impor normativas absurdas para a aplicación de xurros ás ganderías en activo, mentres se estende unha alfombra vermella á produción de fertilizante desta “megagranxa”.

Hai quen non entende o empeño que o COAG puxo en combater o proxecto, pero se hai algunha guerra que merece a pena é esta. Esta loita encarna todo o que nos inspira como organización agraria, porque moitas son as agresións que afronta o noso sector, pero esta é das grandes: pretende ocupar o mercado mediante a eliminación dos máis pequenos, que somos todos os demais. Como non opoñernos con todas as nosas forzas?

Deixar pasar este proxecto sen combaterlo sería dar a nosa conformidade a un cambio de modelo produtivo no que as explotacións familiares de pequena e mediana dimensión non caben, e onde máis pronto que tarde aparecerían novas megaexplotacións que concentrarían miles de xatos ou ovelas, pero tamén miles de hectáreas de cultivo. Unhas poucas explotacións, apoiadas por fondos de investimento nacional e/ou internacional, farían toda a produción agraria. Sería unha sentenza de morte para o modelo social agrario que COAG defende. Rexeitamos a substitución dunha alimentación de calidade e proximidade por alimentos de “fábrica”. É a *uberización* do campo. Son eles ou nós.

► REXEITAMOS A SUBSTITUCIÓN DUNHA ALIMENTACIÓN DE CALIDADE E PROXIMIDADE POR ALIMENTOS DE "FÁBRICA". É A UBERIZACIÓN DO CAMPO. SON ELES OU NÓS

Impacto no sector lácteo

Que impacto tería no sector lácteo español a instalación dunha explotación como a proxectada en Noviercas? Nun escenario de crise do sector como o actual en COAG parécenos completamente inaceptable unha instalación destas dimensións.

Dende a fin das cotas lácteas, en España diminuíu o número de entregas de leite nun 10 %. Este descenso estivo vinculado á caída no prezo pagado polo leite e ao aumento do volume entregado.

Castela e León rexistrou no primeiro ano sen cotas unha redistribución das súas explotacións cara aos estratos máis produtivos tras perder 138 explotacións de menos de 1.000.000 de kg de leite ao ano e incorporar 67 de máis de 1.000.000.

Coñecendo estes datos, non resulta comprensible que se baralle sequera a posibilidade de introducir unha nova explotación de dimensións como as que se prevén en Noviercas. Xa existen dificultades para recoller todo o leite que se produce en España a un prezo rendible, pero en canto entren no circuíto os 200.000.000 de litros de leite ao ano da explotación, a estabilidade do sector verase novamente comprometida.

O número medio de animais por explotación na UE apenas supera as 150 vacas. No Reino Unido, (media por explotación de 132 vacas) tentouse instalar unha explotación con ao redor de 8.000, pero o intento fracasou pola posibilidade de contaminar a auga potable. Unha das explotacións lácteas máis grandes do Reino Unido está en Gales e conta con 2.000 vacas: é 10 veces inferior á prevista en Noviercas). En Francia ins-

talouse unha explotación con preto de 1.000 vacas (23 veces menor que a de Noviercas) ata que, tamén pola presión social e a intervención xudicial, se desestimou a idea. Neste país o tamaño máximo dunha explotación láctea non pode ser maior de cincocentas vacas.

Por que mentres países como Francia ou Inglaterra impoñen limitacións ao tamaño das granxas aquí miramos cara a outro lado? Pretendemos ser máis liberais ou só temos gobernantes máis inconscientes?

As cuestións ambientais parecen ser a clave da falta de éxito nestes intentos de apertura de macrogranxas. Unha explotación como a exposta consumiría entre 4 e 6,35 millóns de litros de auga ao día, cantidade superior ao consumo de toda a poboación da cidade de Soria, uns 6,15 millóns ao día.

A produción de residuos orgánicos como xurros e esterco dunha cantidade tan elevada de animais pode xerar serios problemas ambientais e de saúde pública. Esta explotación produciría unhas 368.000 toneladas de esterco ao ano, o equivalente a unha poboación duns 4,4 millóns de persoas.

As 23.520 vacas producirían case o dobre de residuos orgánicos que toda a poboación de Castela e León e case 50 veces os xerados por todos os habitantes da provincia de Soria. O almacenamento e tratamento de tal cantidade de residuos orgánicos exporíaa riscos de verteduras e fugas. As canles, a auga potable, a saúde pública, a fauna e outras actividades económicas, como o turismo, poderían verse gravemente afectadas.

O proxecto exposto implicaría a trasfega de grandes vehículos industriais para abastecer de alimento e outros insumos á explotación e transportar o leite e os xatos. Cada día produciríanse 600.000 quilos de leite na explotación. Sería necesario que 20 camións cisterna circulasen cada día, ida e volta, pola estrada que une Noviercas con Ólvega.

A entrada dos 600.000 quilos de forrage necesarios para alimentar as vacas podería supor a chegada doutros 60 camións diarios.

Perigos para a sanidade gandeira

Existen importantes perigos no proxecto de macrogranxa para a sanidade agropecuaria da cabana de Castela e León. A mellora na cualificación por parte de Soria leva unha flexibilidade dos movementos de animais e unha mellor comercialización. Cun só animal positivo, feito factible nunha explotación de 23.520 vacas de distintos orixes, teríanse que sacrificar todas as cabezas de gando. Se temos en conta os baremos de indemnización dos programas nacionais, a media por sacrificio sería de 822 euros por vaca. Nunha explotación de 23.520 vacas o custo total por indemnización ascendería a 19,3 millóns de euros, cinco veces máis que o orzamento anual para as campañas de saneamento de toda Castela e León.

O risco sanitario máis grave dunha granxa destas dimensións sería o da febre aftosa, enfermidade vírica grave, sumamente contagiosa e de repercusións económicas considerables. A morbilidade é de case un 100 %. En países oficialmente libres da enfermidade, como España e a UE, en caso de confirmación dun brote, todos os animais susceptibles deberían sacrificarse e as canles eliminarse. O brote de febre aftosa no Reino Unido en 2001 custou ao país 16.000 millóns de libras e obrigou a sacrificar 10 millóns de ovellas e vacas. En definitiva, hai cada vez máis interese por parte dos consumidores en saber como se produce o leite. Como credes que entenderán este proxecto? En que medida contribuirá a que os nosos detractores teñan aínda máis ferramentas para atacar o sector? ■